

Abascal denuncia unas elecciones sin libertad

MITIN. El presidente de Vox, Santiago Abascal, aseguró ayer que las elecciones vascas y gallegas del próximo día 12 de julio se celebrarán "sin libertad" porque Vox no acude a estos comicios "en igualdad de condiciones" debido a las sucesivas manifestaciones que ocurren en las inme-

diaciones de sus actos.

Durante un mitin en Ribeira, los asistentes se encontraron con un grupo de decenas de jóvenes que protestaban al fondo de la Plaza de España mientras portaban banderas LGTBI+. En alguna de sus pancartas, se reproducía el tuit con el que la atleta Ana

Peleteiro sugirió esta semana a Abascal que "mejor se quedase en casa" en lugar de acudir a su municipio: "Lo único que tiene de verde Galicia son los montes". Abascal censuró que "vaya a donde vaya" su partido, los "violentos" tratan de "amedrentar" a sus simpatizantes. **E.PRESS**



Feijóo reforzaríase e lograría a súa cuarta maioría absoluta

Subida do PSdeG, despegue do Bloque e esborralle dos grupos rupturistas

M. OTERO
Santiago


O Partido Popular renovará a súa maioría absoluta dun xeito moi solvente. O PSdeG mellora os resultados das eleccións do 2016 pero con cifras incertas. O BNG rexistrará un importante incremento de escaños. O grupo de partidos rupturistas denominado Galicia en Común- ANOVA Mareas (GeC-AM) sufrirá un gran descalabro. Ciudadanos, Vox e as Mareas Galeguistas quedan fóra do Parlamento. Isto é o que din, en esencia, as enquisas publicadas de cara ás eleccións de Galicia do 12-X. As cifras extrapoladas do conxunto dos informes elaborados polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), o Instituto Sondaxe para La Voz, Infortécnica para El Progreso, e Gesop para Faro de Vigo debuxan unha Cámara con 41 escaños populares, 17 socialistas, 13 do BNG e 4 de GeC-AM.

Os datos proporcionados prevén que o PPdeG se mova nunha pinza que vai de 39 a 43 deputados, superando os 38 que marcan a maioría absoluta e aínda con posibilidades de aumentar o xa elevadísimo número que xa tiña na anterior legislatura (41). Isto manifestaría unha saúde plena do proxecto popular logo de doce anos de goberno e a reafirmación do liderado de Alberto Núñez Feijóo, que afrontaría un cuarto mandato cun goberno estable. Significaría que non hai desgaste malia os enormes obstáculos que veñen supoñendo as crises económica e sanitaria.

As previsións para o PSdeG son bastante máis difusas, xa que as cifras van dos 14 escaños aos 21. A máis pesimista supoñería parálise, xa que igualaría a situación actual, e a máis optimista significaría

A Cámara galega do 12-X segundo as enquisas

Cifras extrapoladas dos informes elaborados polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), o Instituto Sondaxe, Infortécnica e Gesop



PREVISIÓNS. A gráfica mostra o debuxo que fan as enquisas do Parlamento galego. **ECC**

un éxito para Gonzalo Caballero pola suba notable dun 50% e pola consolidación do socialista como partido que lideraría unha alternativa de goberno en caso de que o PP non acadase a maioría absoluta. Tamén porque ampliaría a marxe co BNG, deixando de lado a ameaza de sorpasso dos nacionalistas. Caballero, que busca confianza e resultados aproveitando o efecto Sánchez, ten porén que manexar unha situación preelectoral difícil pola caída indus-

As enquisas reafirman a vixencia do proxecto popular e o liderado de Feijóo

Ciudadanos, as Mareas Galeguistas e Vox e quedan fóra do Parlamento

trial que afecta ás factorías de aluminio de Alcoa, ás térmicas das Pontes e Meirama ou a celulosa Ence, marcadas pola xestión do Goberno socialista.

Todas as enquisas anuncian o despegue do Bloque Nacionalista Galego (BNG), que na actualidade conta con 6 actas. Os estudos das firmas de sondaxes outórganlle un territorio que se agranda e que vai das 9 ás 16, cuns resultados que poderían verse máis que duplicados. A súa candidata á Xunta, Ana Pontón, presenta un BNG que busca superar aos socialistas e que quere encabezar un posible goberno que agruparía as forzas de esquerda, con ela como presidenta. En calquera caso, as sondaxes indican a continuidade da recuperación do BNG e o seo afortalamento.

O grupo de partidos rupturistas, Galicia en Común- ANOVA Mareas (GeC-AM),

que veñen da fractura de En Marea, caen con estrépito en intención de voto. O custe dos enfrontamentos e as divisións parecen ser moi altos. Logo de seren a segunda forza máis votada en 2016, detrás do PPdeG e por diante do PSdeG, e despois de xestionar nada menos que 14 actas con En Marea, descenden a cifras que poderían ser case testemuñais. O tramo que lle dan as enquisas é de 2 a 6 escaños, e mesmo poderían 'desaparecer' das provincias de Lugo e Ourense.

Con todo, as enquisas reflicten dúbidas en relación aos resultados electorais do día 12 deste mes de xullo. A máis destacada é a posta de manifesto que hai máis dun 30 por cento de persoas indecisas. Este grupo é unha das grandes preocupacións dos partidos, que traballan para evitar a desmobilización do electorado nun momento, ademais, definido polas difi-

les circunstancias sanitarias e polo temor dunha boa parte da poboación a acudir a calquera lugar no que se prevé que poida haber aglomeracións, como é o caso dos colexios electorais.

A dispersión do voto, por outra parte, propicia estratexias e movementos dos grupos aspirantes ao parlamento galego, especialmente os que se ven con opcións de gobernar. O Partido Popular de Galicia teme a viaxe de sufraxios aos partidos minoritarios do bloque da dereita, Ciudadanos e Vox, que segundo as enquisas quedarían fóra da Cámara, pero que van a influír na configuración final do Parlamento. Pasa outro tanto no bloque da esquerda, no que unha posible coalición PSdeG, BNG, GeC-AM pode non chegar a ser efectiva pola 'fuga' de votos a outras formacións que, en definitiva, non teñen posibilidades de chegar a O Hórreo.

PREFERENCIAS

O LÍDER DO PP, O MÁIS VALORADO

Puntuación. As enquisas recollen a valoración que dos candidatos fan os electores. Neste aspecto tamén Núñez Feijóo é gañador. A nota que lle dan é a máis alta, 5,97 puntos, e incluso hai unha enquisa que marca un 6,1.

A figura da candidata nacionalista, Ana Pontón, portavoz do BNG, tamén supera o aprobado e é a segunda en valoración por parte dos galegos, que a cualifican cun 5,24. A máxima puntuación dállo o informe de Faro de Vigo, un 5,6.

En terceiro lugar, pero con suspenso, aparece o candidato socialista, Gonzalo Caballero, que, con todo, achégase ao cinco ao marcar 4,77. Dentro do grupo rupturista, Antón Gómez-Reino, que lidera Galicia en Común - Anova Mareas, obtén un 4,09. Outros candidatos, como os de Ciudadanos, Mareas Galeguistas ou Vox, xa están moi afastados, tanto en valoración como en grao de coñecemento.

É interesante comentar un dato ofrecido pola enquisa do CIS sobre preferencias dos electores. Á pregunta de "quen preferiría que fose o/a presidente/a da Xunta de Galicia nestes momentos? (xuño de 2020), o 44,5% contestou a favor de Núñez Feijóo, do PP. Un 15,9 por cento recoñeceu a súa preferencia por Ana Pontón, portavoz do Bloque Nacionalista Galego, e un 15,2 mostrou predilección polo candidato socialista, Gonzalo Caballero. Os dous poderían chegar a competir polo liderado dun hipotético bloque de esquerdas se o PP perdera a maioría absoluta.